

Dichos y refranes en dialecto vianés de Laureano Prieto (1951) (ms. RAG-C170/5)

Xesús Ferro Ruibal

Fernando Groba Bouza

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Edición dun manuscrito inédito que contén 385 fraseoloxismos galegos recollidos en 1951 polo etnógrafo Laureano Prieto nos concellos ourensáns de Viana do Bolo, A Gudiña, Vilariño de Conso e As Frieiras (A Mezquita). Esta recadádiva súmase ás que vén exhumando *Cadernos de Fraseoloxía Galega*.

Palabras clave: fraseoloxía, colocacións, locucións, refráns, recadádiva *in situ*.

Edition of an unpublished manuscript containing 385 Galician phraseologisms compiled in 1951 by the ethnographer Laureano Prieto in Ourense, in particular in Viana do Bolo, A Gudiña, Vilariño de Conso e As Frieiras (A mezquita). This compilation is another contribution published by Cadernos de Fraseoloxía Galega.

Keywords: phraseology, collocations, locutions, proverbs, compilation in situ.

1. Descrición do manuscrito e criterios de edición

Laureano Prieto (1907 - 1977) salvou para nós a lingua e a tradición das terras da Gudiña e de Viana do Bolo. Se hoxe constitúen unha das bisbarras galegas máis documentadas, se sabemos moito da lingua, da fraseoloxía e da tradición oral desas terras, debémosllo ó labor intelixente e infatigable de Laureano Prieto que puxo todo iso por escrito nos heroicos tempos nos que lle tocou vivir.

Laureano Prieto, coma outros galegos bos e xenerosos, recolleu amorosamente palabras e fraseoloxismos e, se non tiveron a oportunidade de publicalos, entregáronllos a un amigo que tivese esa cobizada posibilidade. Como se pode comprobar na bibliografía final, Laureano Prieto non era un etnógrafo descoñecido, nin moito menos; pero en 1951 tivo noticia de que Fermín Bouza Brey proxectaba un gran Refraneiro galego,

Data de recepción 16/04/2009 Data de aceptación 13/05/2009

para presentalo ó concurso convocado por Bibliófilos Gallegos (Beloso 2003:XXVIII-XXIX) e xenerosamente remitiulle un feixiño de notas fraseolóxicas, para que as incluise na súa colección que, polo que cremos, Bouza nunca chegou a concluír. Consérvase a carta coa que lle remite este material e di así:

Pentes 2-IV-1951

Sr. Dn. Fermín Bouza Brey.

Uviedo

Respetable y querido Maestro: Ha sido para mi un motivo de alegría recibir noticias de Vd. Habia escrito a Vd. a Pontevedra y no obtuve contestación: Mas tarde el buenísimo amigo Ferro¹ me informó de que en aquella época ya no se hallaba Vd. en Galicia, sino en Cataluña, pero que podía escribirle a Santiago. Así lo hice y tampoco recibí contestación...

De veras, repito, ha sido un placer muy grande que se haya acordado de mí. Y en cuanto a los materiales que interesa, le envío lo que tengo, poca cosa por cierto: Por una parte, no he ultimado la recogida; por otra, como la influencia castellana es enorme en toda la comarca, abundan mas los refranes castellanos que los gallegos.

Perdóneme que no se los mande mejor presentados: Esta época es de mucho trabajo para mí, y como podría dedicarle solamente unos minutos diarios, pienso que podría perjudicarle el retraso y que mejor será enviarle las notas tal como están.

Réstame añadir que se halla a su entera disposición y le saluda afectuosamente su discípulo y admirador

Laureano Prieto

Esta carta e esas notas fraseolóxicas constitúen o manuscrito RAG-C170/5 do arquivo da Real Academia Galega. O manuscrito está formado por un conxunto de follas soltas dun tamaño aproximado 15 x 12,5 cm, numeradas da 1 á 18 e escritas só por unha cara, por se tratar de papel reutilizado. E seguen despois outras sete follas de 15 x 10,5 cm, numeradas de 1A ata 7A. A diferenza de tamaños e a falta de orde alfabética dinnos que a escolma fraseolóxica foi medrando lentamente (parte do papel é da década de 1930). Son en total 25 folliñas e no dorso da folla 8 Fermín Bouza Brey, o destinatario deste material, escribiu: *Refranes pasados a papeletas.*

Fermín Bouza Brey para o gran Refraneiro que proxectaba elaborou unha bibliografía paremiolóxica de uso persoal asignándolle a cada fonte unha sigla en números romanos. Isto é o que el di deste manuscrito de Laureano Prieto:

XXIII Colección paremiológica en dialecto vianés. Inédito. Son 580 refranes, modismos y formas proverbiales recogidos en los ayuntamientos de Viana, Gudiña, Vilariño de Conso, As Frieiras (Orense).

¹ Refírese a Xesús Ferro Couselo (1906-1975) arqueólogo, historiador e lingüista.

Polo tanto o número XXIII, que aparece no encabezamento da folla 1 do manuscrito RAG-C170/5, escribiuno Bouza Brey. Sorpréndenos que Bouza diga que son 580, porque no que nós encontramos xunto non se chega a esa cantidade e o propio colector anota 392. Ningún dos dous números cadra co que nós encontramos. Puido dispersarse unha pequena parte do material? Non o sabemos. O que si sabemos é que os fallos na numeración son cousa habitual nos manuscritos paremiolóxicos elaborados por acumulación durante anos e anos; ou, polo menos, dáse en tódolos mss. galegos que coñecemos².

Tamén é interesante que especifique Bouza Brey que por terras do dialecto vianés entende os concellos *de Viana, Gudiña, Vilariño de Conso, As Frieiras (Orense)*. Poida que llo dixese oralmente Laureano Prieto, xa que na carta que reproducimos non figura. Hoxe *As Frieiras* non é un concello pero Laureano Prieto especificou noutro lugar que el por Frieiras entendía o concello da Mezquita, aínda que o dialecto frieirés *esténdese polo axuntamento da Mezquita, alguis pobos da Gudiña e dous ou tres lugares do axuntamento de Viana* (Prieto 1973).

2. Orixinalidade e edición parcial do material deste manuscrito

O conxunto de expresións deste manuscrito chega, segundo as nosas contas, a 385. Pero Laureano Prieto publicou en 1973 no *Boletín auriense* un importante artigo lexicográfico titulado “Notas encol da fala vianesa” e nesa publicación figuran 75 dos fraseoloxismos que contén este manuscrito. Isto quere dicir dúas cousas. Primeira, que Laureano Prieto se desprende en 1951 e para sempre da colección que remitiu a Fermín Bouza Brey e verosimilmente non gardou copia para si (non había daquela fotocopiadoras); pero unha quinta parte do que recollera aínda o conservaba en 1973 na súa memoria activa de magnífico falante. Segunda, que, estando aínda inédita a maior parte do material que contén o ms. RAG-C170/5, era necesario facer esta edición para termos unha impresión máis exacta do traballo de Laureano Prieto.

Como é natural, nos casos nos que un fraseoloxismo apareza na edición de 1973 facémolo saber con esta indicación [1973] e cun tipo diferente de letra.

2.1. Características dialectais do manuscrito

O galego das terras de Viana do Bolo presenta características que o diferencian do galego estándar. Este manuscrito é unha boa proba de case todas elas, aínda que o colector non sempre as marca: o habitual é que as deixe ver nalgúns casos pero non noutros semellantes.

Timbre aberto de e, o tónicos, que no galego común pecharon por influencia de -a ou -o final	<i>mêdo</i> ; pero non marca <i>ollo</i> .
Timbre aberto de e, o tónicos trabados por nasal	<i>têmpo</i> ; pero non marca <i>dente</i>
Iode epentético	<i>paseio, cheio, rodeio, alleia, louqueia, leie, moie</i>
Conxunción copulativa <i>e</i> ante consoante; <i>i</i> ante vogal	<i>e non, e vinte, e pouco // i-andando, i-ô, i-en</i>
Mantemento de <i>wau</i> nos grupos cua- , gua-	<i>cuando, cuatro, cuanta, guarda</i>

² Así no paso da páxina 3a á páxina 4a Laureano Prieto salta do número 328 ó 349; en cambio na páxina 3 entre os números 25 e 35 acumula 19 unidades.

Terminación -au	<i>grau, marráu, temporáu, maus</i>
Terminacións -ois, -áis	<i>refláis, bois</i>
Solución <i>bon</i>	<i>sinal de bon ano</i>
Demostrativos	<i>este, desto</i>
Pronome suxeito <i>tu</i>	<i>Cuando tu naciche</i>
Verbos <i>poder, ver, coidar</i>	Formas <i>podías, pudiera; cudia; véis, vêi</i>
Varias formas	<i>friu, tíu, riu; mai; vé (ven imp. de vir)</i>

2.2. Características ortográficas e criterios desta edición

Como é natural en escritos anteriores á estandarización do galego, este manuscrito de 1951 presenta tendencias gráficas de relativa coherencia pero que aínda non constitúen un sistema cerrado: encontramos excepcións a unha norma predominante. Pero, antes de máis nada, queremos insistir en que, cando Laureano Prieto escribe, non existía o rigoroso estándar actual. A edición deste manuscrito, como tódalas de *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, nunca toca os dialectalismos nin os castellanismos³ pero regulariza a grafía para facilita-lo traballo do lector actual: nisto o criterio é ofrece-la grafía actual naquilo que non modifique a substancia da palabra en cuestión e ofrecer no aparato crítico a literalidade do manuscrito en tódolos casos nos que esta se diferencie en algo da nosa edición: con isto o lector interesado dispón do propio manuscrito.

O acento circunflexo		
Ortografía do manuscrito		Ortografía da nosa edición
Sinala vogais medias abertas (ê e ô) ⁴ e tamén outras que xorden por fonética sintáctica	<i>bên, nêve, tèn, prêsta, fêsta, côrda, môrde, lôce, ôvos, fôra.</i> Ás veces con valor diacrítico: <i>tèn</i> (tamén <i>tén</i>).	Mantémolo cando indica pronuncia dialectal: (<i>mêdo, têmpo</i> ...) Substituímolos polo acento agudo nos diacríticos: <i>fôra > fôra</i> ... Eliminámolo no resto dos casos: <i>bên > ben, tèn > ten, prêsta > presta, fêsta > festa, côrda > corda, môrde > morde, lôce > loce, ôvos > ovos</i> ...
	Contraccións: - Prep. <i>a</i> + art. <i>o</i> = <i>ô</i> ⁵ : <i>inda che lle bota aceite ô lume pra que se encenda máis</i> - Prep. <i>a</i> ou <i>pra</i> + art. <i>un</i> = <i>ôn</i> <i>Dous lobos ôn can, logo o paparán.</i> - Prep. <i>a</i> + pron. tónico P3: <i>êla, êl andar êlas.</i>	Substituímolos por <i>ó</i> Mantémolo
	apertura de <i>e</i> e <i>o</i> pola semiconsoante anterior: <i>i-ô, i-ên.</i>	Mantémolo
Sinala a contracción de prep. <i>a</i> + art. <i>a</i> (<i>â</i> 19 casos pero <i>á</i> 5 casos).		Substituímolos por <i>á</i>

³ Respectámo-los esporádicos castellanismos, propios da lingua oral e marcámoslos cun asterisco *. Pero non marcámo-los que eran grafías adquiridas en tódolos escritores galegos da época *sin, barrer, berza*. Salvamos un par de inadvertencias: *Ome* (por *home*), *bagar* (por *vagar*).

⁴ Falta este acento circunflexo en palabras nas que podería esperarse (*tolle, come, pode, norte, logo, home, vella, perde*). Nalgún caso encontrámo-la mesma palabra con diferentes grafías (*quêr/quer, hôrto/horto, tèn/tén/ten, sêmpre/sêmpre/sempre, môrto/morto*).

⁵ Aparece a outra grafía dúas veces: *andar ao ceacú; Desde o San Xoan ao Santiago Dios nos libre de un nublado.*

O acento agudo		
Ortografía do manuscrito		Ortografía da nosa edición
Sinala as vogais medias abertas (é)	<i>sémpre, céibarse, déixe, média, rupi-i-apélo, léngua, tén</i>	Só o mantemos cando indica pronuncia dialectal: <i>rupiapélo</i>
Sinala a tónica nun ditongo decrecente	<i>morréu, séus, avezôu, séi, máu, calcáime, acabóuse, váiche</i>	Eliminámolo
Sinala a sílaba tónica das palabras agudas rematadas en vogal ou en -n	<i>alé, ceacú, adán, porén, rapeterrón, cú</i> Pero: <i>Xoan, morrion</i>	Mantémolo nas palabras polisílabas e, por coherencia, engadímolo en: <i>Xoan > Xoán, morrion > morrión.</i>
Sinala a sílaba tónica das palabras esdrúxulas	<i>bótalle, páscoas, límanseme, míngo</i> Pero: <i>busca-a, segurol-os</i>	Mantémolo; e engadímolo por coherencia a: <i>busca-a > búscaa, segurol-os > segúro-los.</i>
Marca <i>i</i> e <i>u</i> , que quizais percibía como vogais longas, nalgúns hiatos	<i>xangardí-i-a, saír, día</i> ou <i>dí-i-a</i> (substantivo ou verbo), <i>naturría, oído</i> Pero: <i>sair, ruín, fría</i>	Mantémolo; e estendémolo ás excepcións, por coherencia: <i>sair > saír, ruín > ruín, fría > fría.</i>
Valor diacrítico	<i>é, dá</i> (tamén <i>da</i>), <i>tén</i> (tamén <i>tên</i>), <i>á</i> Pero: <i>mais</i> (adv. de cantidade), <i>presa</i> (adverbio)	Mantémolo; e engadímolo a: <i>mais</i> (adv. de cantidade) > <i>máis</i> , <i>presa</i> (adverbio) > <i>présa</i>
Por influencia do castelán	<i>tú, sí</i>	Eliminámolo
Para evitar equívocos	<i>cambéa, cambéan</i> (e non <i>cámbea, cámbean</i>)	Mantémolo
Noutros casos que non seguen ningunha regra	<i>rastrabállo, trastér</i>	Eliminámolo

O guión		
Ortografía do manuscrito		Ortografía da nosa edición
Ante segunda forma do artigo	Con preposicións (<i>pol-as</i>)	Eliminámolo
	Con adverbios (<i>mail-as</i>)	
	Con formas verbais (<i>perdel-o</i>)	Mantémolo pero antes do <i>l</i> : <i>perdel-o > perde-lo, segurol-os > segúro-los</i>
	Con adxectivos (<i>segurol-os</i>)	
Sinala a pronuncia do -n alveolar en final de palabra	Con artigo (<i>sin-os, son-os, cárgan-o</i>)	Eliminámolo
	Con pronome (<i>non-a, non-o</i>)	
Ante un iode protético	<i>i-auga</i>	Mantémolo
Sinala o carácter semiconsonántico da conxunción copulativa ante palabras que comezan por vogal ou <i>h-</i>	<i>i-o, i-ô, i-en, i-ên, i-ela, i-otra, i-on, i-amasa, i-andando, i-homes</i>	Mantémolo
Sinala a presenza do iode epentético	<i>alde-i-a, pase-i-o, xe-i-ada, arra-i-ada, le-i-e</i>	Eliminámolo

Une un composto.	<i>espleita-gateiras</i>	Mantémolo
Marca <i>i</i> e <i>u</i> , que quizais percibía como vogais longas, nalgúns hiatos.	<i>xangardí-i-a, romarí-i-a, dí-i-a, viví-i-a, ff-i-a</i> . Agás: <i>día/dia</i>	Eliminámolo
Sinala sinalefas e contraccións características da fonética galega que hoxe non se representan	<i>com-autro, tent-alá, pol-outro, qu-onha, a-scorrexar, c-unha, s-eres, s-alcontra, n-ela, quer-a, d-Habana, qu-a, com-a, com-on</i>	Eliminámolo nas contraccións e nunha sinalefa: <i>c-unha > cunha, n-ela > nela, qu-a > calcá, quer-a > quer a</i> . Substituímolo por un apóstrofo na maioría das sinalefas: <i>com-autro > com'auto, tent-alá > tent'alá, pol-outro > pol'outro, qu-onha > qu'onha, a-scorrexar > a'scorrexar, s-eres > s'eres, s-alcontra > s'alcontra, d-Habana > d'Habana, com-a > com'a, com-on > com'on</i> .
Sinala ocasionalmente un pronome átono	<i>busca-a</i>	Eliminámolo

2.3. Características taxonómicas do manuscrito e desta edición

Este manuscrito ten unha ordenación basicamente alfabética, que se reinicia na folla 1a., e isto indica que foi redactado en dúas ocasións diferentes.

Por outra banda, os estudos taxonómicos da fraseoloxía son aínda recentes e, aínda que se avanzou moito na elaboración dun sistema, non hai aínda un acordo universal sobre diferentes pormenores: non é de estrañar, logo, que Laureano Prieto recollese materiais que el consideraba fraseolóxicos, porque van máis aló da palabra. Por outra banda o manuscrito mestura colocacións, locucións, fórmulas e diferentes tipos de enunciados e paremias consonte lle foron vindo á memoria.

Fronte a esta situación, común á maior parte dos manuscritos fraseolóxicos, que medran por lenta sedimentación, coidamos que algún tipo de ordenación (alfabética ou taxonómica) mellora sempre a utilidade do material que se exhuma. Decidímonos pola ordenación taxonómica pero, en calquera caso, indicamos en cada expresión páxina e número do ms., co que o lector realmente ten diante o manuscrito tamén neste aspecto. Finalmente, nos 75 casos nos que a expresión aparece no traballo de lexicografía dialectal que Laureano Prieto publicou en 1973, facémolo saber coa indicación [1973], como xa dixemos, e ademais neses casos reproducimos literalmente o que alí di, que ten o interese de que neste caso define en galego e por veces matiza o que escribira no ms. RAG -C170/5 de 1951.

Sirva esta edición de homenaxe a un dos etnógrafos máis discretos pero máis eficaces da historia de Galicia, Laureano Prieto.

3. Edición do manuscrito *Dichos y refranes en dialecto vianés de Laureano Prieto (1951)*

Léxico e colocacións

1. **adán**. Desaliñado (03,32).
2. **adreán**. Desaliñado (03,33).
3. **arestoras**. En este momento (1a,299b).
4. **cerrapechar**. "Cerrapechar ó zarrapechar" Cerrar con llave u otro ingenio (2a,313a). [1973: CERRAPECHAR. Pechar cúa chave].
5. **entrudio**. Persona a la que gusta mucho comer carne en abundancia (2a,317). [1973: ENTRUDIO. Entroido].
6. **serrar**. "Facer madeira, ó, serrar" Se dice cuando una persona se queda dormida hallándose sentada y cabecea (3a,327b).
7. **trasler**⁶. Saber mucho (6a,377).
8. **zarrapechar**. "Cerrapechar ó zarrapechar" Cerrar con llave u otro utensilio (2a,313b).
9. **espleita-gateiras**. Persona curiosa (3a,318). [1973: ESPLEITA GATEIRAS. Persoa curiosa, que escuta o que falan os demais].
10. **amatar a luz**. Apagarla (1a,303).
11. **amatar o lume**. Apagarlo (1a,302). [1973: AMATAR. *Amatar o candil, amatar o lume*. Apagalos].
12. **andar aceirudos**. Se dice de los lobos, cuando se ven con frecuencia (01,14). [1973: ANDAR OS LOBOS ACEIRUDOS. Pregos].
13. **andar *pliegos**. Se dice de los lobos, cuando se ven con frecuencia (01,15). [1973: PLIEGOS. *Andar os lobos pliegos*: Andar os lobos arredor dos pobos ou dos rabaños días seguidos].
14. **apurrar o lobo**. Gritarle para ahuyentarlo (1a,304).
15. **barrer o muíño**⁷. Cesar de moler y recoger la harina (2a,310).
16. **ceibarse a facenda**⁸. Lanzarse a comer, por descuido o impaciencia del pastor, en un lugar reservado, sea prado o sembrado (2a,312).
17. **deita-lo muíño**⁹. Echarlo a moler (05,81).
18. **deitar o muíño**¹⁰. Echarlo a moler (2a,314a). [1973: DEITAR O MUIÑO. Por o muíño a moer].
19. **estar naturrioso**. Estar mimado (06,94). [1973: NATURRIOSO. Que tén naturría].
20. **leie muto**¹¹. Sabe mucho (4a,353). [1973: LER MUTO. Saber muto].
21. **póirse remontado**¹². Escandalizarse (14,240).
22. **ser antexo**. Querer ser el primero en todo, ser demasiado anticipado (16,264). [1973: SER ANTEXO. Persoa que quer facer os traballos primeiro que os veciños; que quer ser o primeiro en todo].

⁶ *Traslér*.

⁷ *Barrer o muíño*.

⁸ *Céibarse a facenda*.

⁹ *Deital-o muíño*.

¹⁰ *Deitar o muíño*.

¹¹ *Le-i-e muto*.

¹² *Porse remontado*.

23. **ser o rastraballo**¹³. Ser lo último, despreciado (16,260). [1973: SER O RESTRABALLO. Ser o mais baixo en canto á conductaj].
24. **ser o refugallo**. Ser lo último, despreciado (16,261).
25. **ser un engazo**. De uñas largas (6a,374b). [1973: SER UN ENGAZO. Ser pior conha silva].
26. **ser un porén**. Ser presumido (16,263). [1973: SER UN PORÉN. Ser un presumido].
27. **ser xeitoso**. Ser mañoso (6a,370).
28. **ter lería**. Ser hablador (6a,375).
29. **ter naturría**. Estar mimoso (17,276).
37. **ser com'on barredoiro**. Ser eficaz (6a,372).
38. **ser pior qu'onha silva**¹⁷. De uñas largas (6a,374a). [1973: SER PIOR CONHA SILVA. Ser arroubón]; [1973: SER UN ENGAZO. Ser pior conha silva].
39. **ser un campá na *calle**. Incapaz de guardar un secreto (6a,371). [1973: SER UN CAMPÁ NA CALLE. Non saber gardar¹⁸ un secreto].
40. **ser un Xan por entre elas**. Ser un Juan (16,259). [1973: SER UN XAN POR ENTRE ELAS. Ser un infeliz].
41. **son máilas voces que as nocés**¹⁹ (16,267). [1973: SON MAIS AS VOCES QUE AS NOCES. Non ser tanto como se pensaba].

Locucións

30. **haches e bes** (08,114). [1973: ANDAR CON HACHES E BES. Pór disculpas].
31. **de muto pendello**. De mucha importancia, inmejorable (2a,314b). [1973: DE MUTO PENDELLO. De muta importancia].
32. **é máis listo cá fame**¹⁴. Es inteligente, es astuto, es ducho (3a,321).
33. **é o aire**. Es inútil (3a,320).
34. **estar á mau**. Cómodo (3a,319a). [1973: MAU. *Estar á mau*: Estar preto unha cousa. *Dar mau*: axudar].
35. **estar no ril da merla**¹⁵. Estar a sus anchas (06,95).
36. **estar no ríu da merla**¹⁶. Estar en el mejor lugar (06,96). [1973: ESTAR NO RÍU DA MERLA. Atoparse nun bon lugar].
42. **andar á xangardía**²⁰. Al desdén (02,22).
43. **andar ao ceacú** (02,17). [1973: ANDAR Ó CEACÚ. Andar cara atrás].
44. **andar o *vientre** (3a,328b).
45. **collerlle o fado**. Conocer el carácter de una persona (04,54).
46. **collerlle o faro**. Conocer el carácter de una persona (04,53). [1973: COLLERLLE O FARO. Entender ónha persoa e levarlle a corrente].
47. **dar de *cuerpo** (3a,328c).
48. **dar pra peras**. Zurrar (05,73). [1973: DAR PRA PERAS. Baterlle ónha persoa].
49. **facer clavos**. Tiritar (3a,326). [1973: FACER CLAVOS. Castañetear os dentes por friu ou medo].
50. **facer madeira**. "Facer madeira, ó, serrar" Se dice cuando una

¹³ *Ser o rastrábalo.*

¹⁴ *É máis listo qu-a fame.*

¹⁵ *Estar no ril da mërla.*

¹⁶ Conservamos *gardar* porque quizais marca a vacilación do vocalismo átono en *gardar*.

¹⁷ *Ser pior qu-onha silva.*

¹⁸ *Ser pior qu-onha silva.*

¹⁹ *Son mail-as voces que as nocés.*

²⁰ *Andar á xangardí-i-a.*

- persona se queda dormida hallándose sentada y cabecea (3a,327a). [1973: FACER MADEIRA. Serrar na aceción de mover a cabeza, cando se está durmindo sentado].
51. **facер unha necesidá** (3a,328d).
52. **inda che lle bota aceite ó lume pra que se encenda máis**²¹ (08,118).
53. **límanseme os dentes**. Me da rabia (4a,351). [1973: ENRIZARSE OS DENTES. Limarse os dentes].
54. **mirarlle coma o gato á sardiña**²². Se dice cuando un hombre mira a una mujer con deseos (08,124). [1973: MIRARLLE COMA O GATO A SARDIÑA. Mirar un manxar con desexos de comelo. Ademirar ónha muller].
55. **pór a pan pedir**²³. Cantárselas claras (14,239).
56. **pór a parir**²⁴. Cantárselas claras (14,238).
57. **pór de volta e media**²⁵. Maltratar de palabra u obra (14,237).
58. **regañou os dentes**²⁶. Murió (5a,365). [1973: REGAÑALOS DENTES. Morrer].
59. **ter boa mau**. Hacer bien las cosas (7b,380).
60. **ter mala mau**. Hacer mal las cosas (7b,381).
61. **ter mau de santo**. Hacer todo bien (7b,383).
62. **ter mau dunha cousa**²⁷. Sostenerla (7b,379). [1973: TER MAU DUNHA COUSA. Soster unha cousa cua mau].
63. **val o que pesa**²⁸. Es de mérito (7b,384).
64. **a canchalaperna**. Montar las mujeres como los hombres (02,26).
65. **a rapeterrón**. A cercén (03,31).
66. **a rupiapelo**²⁹. A contrapelo (02,28).
67. **a *canchilapierna**. Montar las mujeres como los hombres (02,27).
68. **así i-andando** (03,38).
69. **en salve parte**. Se dice cuando se indica un miembro o parte del cuerpo, del que padece otra persona (06,90).
70. **nin o fixo nin farrapos de gaitas**³⁰. No se preocupó para nada del asunto (5a,359). [1973: NIN FARRAPOS DE GAITAS. Nin cousa que se lle pareza].
71. **ó leilán**³¹. Descubierto (5a,360). [1973: LEILÁN. O leilán: A la intemperie].
72. **pián, pián**³². Poco a poco (15,247). [1973: PIÁN, PIÁN. Pouco a pouco].
73. **sin ton nin son**. Sin orden ni concierto (6a,373).
74. ***el año pasado**. Siempre se dice en castellano, y no "o ano pasado", en gallego (07,106).
75. **andar a facenda arraiada**³³. Cuando come con fruición, en

²¹ *Inda che lle bota aceite ó lume pra que se encenda mais.*

²² *Mirarlle coma o gato á sardiña.*

²³ *Por a pan pedir.*

²⁴ *Por a parir.*

²⁵ *Por de vólta e média.*

²⁶ *Regañou os dentes.*

²⁷ *Ter mau de unha cousa.*

²⁸ *Val-o que pesa.*

²⁹ *A rupi-i-apélo.*

³⁰ *Nin-o fixo nin farrapos de gaitas.*

³¹ *Ó leilán.*

³² *Pi-i-án, pi-i-án.*

³³ *Andar a facenda arra-i-ada.*

- el monte, separados los animales unos de otros sin otra preocupación que comer, es decir, tranquilos (1a,301).
76. **andar á gambernia**³⁴. De vago, divirtiéndose (1a,300).
77. **andar a gamusinos**³⁵. Andar a golpes (1a,308). [1973: ANDAR A GAMUSINOS. Andar de diversión].
78. **andar a velas vir**³⁶. Sin un céntimo (1a,307).
79. **andar com'a pita sin os pitos**³⁷. Triste por una persona ausente (01,13). [1973: ANDAR COMA A PITA SIN OS PITOS. Acharse triste por ausencia de alguén].
80. **andar con rendibús**. Andar con cerimonias (1a,306). [1973: ANDAR CON RENDIVÚS. Mostrarse tan pracenteiro que anoxa].
81. **andar êlas**. Empatados en el juego. Cuando en una riña no hay vencedor ni vencido (1a,309). [1973: ANDAR ÊLAS. Empatar. Non haber vencedor nin vencido].
82. **andar ós caldos feitos**³⁸. Comer donde se lo ofrecen (1a,305). [1973: ANDAR ÓS CALDOS FEITOS. Comer onde llo dan].
83. **avezou a vella os veldros**³⁹. Se tomó gusto (02,29e).
84. **descubrir un santo por tapar outro** (06,86).
85. **dun pau, matar dúas lebres**⁴⁰ (06,88).
86. **ese non oie o cuco**⁴¹. No llega a la primavera (3a,319b). [1973: NON OÍR O CUCO. Morrer logo].
87. **esperar pola coiracha**⁴². Esperar sentado; es decir, por lo que no llega (06,97). [1973: AGUARDAR POLA COIRACHA. Agardar un acontecemento que non vai a ter lugar].
88. **estar coma uña e carne** (06,89).
89. **estar levado do demo**. Estar en desgracia; También se dice cuando uno hace una cosa fuera de la Ley o de costumbre (2a,316).
90. **estar o capador encima da cocha**. Se dice cuando alguien está haciendo una cosa y otra persona le pone defectos, dando a entender que aún no ha terminado y los puede corregir (06,93).
91. **facer a volta** (3a,328a).
92. **facer boa feira**. Hacer buen negocio (3a,325).
93. **facerlle a rosca**. Tratar de conquistar una mujer (3a,323). [1973: FACERLLE A ROSCA. Rondar ónha moza].
94. **facerlle as beiras**. Tratar de conseguir una cosa, conquistar una mujer (3a,322). [1973: FACERLLE A BEIRA. Rondar ónha moza].
95. **facerlle as páscoas** (3a,324). [1973: FACERLLE AS PÁSÇOAS. Matar unha persoa ou animal].
96. **fuma en pipa**. Se dice encomiando a una persona por su riqueza, méritos o abolengo (07,109a). [1973: FUMA EN PIPA! Persoa rica ou de muta categoría].

³⁴ *Andar á gambernia.*

³⁵ *Andar á gamusinos.*

³⁶ *Andar á velas vir.*

³⁷ *Andar com-a pita sin-os pitos.*

³⁸ *Andar ós caldos feitos.*

³⁹ *Avezóu a vella os veldros.*

⁴⁰ *De un pau matar duas lébres.*

⁴¹ *Ese non o-i-e o cuco.*

⁴² *Esperar pol-a coiracha.*

97. **ir á tuna**⁴³. A divertirse (4a,350).
98. **leva-la cesta**⁴⁴. Acompañar a una pareja que habla de amores (4a,354). [1973: LEVALA CESTA. Dice que leva a cesta da persoa que acompaña ónha parexa de namorados].
99. **levar boa guía**⁴⁵. Se utiliza en sentido irónico. No salir bien parado, estropeado (4a,352). [1973: LEVAR BOA GUÍA. Estropearse].
100. **morrer á míngo**⁴⁶. Sin cuidados (09,131).
101. **non haber pan partido**. Llevar gran amistad (09,142).
102. **non hai can que lle ladre**. Se dice de una persona que presume de ir bien vestida (09,141). [1973: NON HABER CAN QUE LLE LADRE. Ir feito un brazo de mar].
103. **non lle ando con dimes nin *diretes**. Sin contemplaciones (4a,356).
104. **non lle cabe nada no peito**. Es incapaz de guardar un secreto (4a,355). [1973: NON LLE CABE NADA NO PEITO. Non sabe gardar un secreto].
105. **non ten mau de si**⁴⁷. No se tiene en pie (4a,357). [1973: NON TER MAU DE SÍ. Estar mui débil].
106. **non ten un alifaz**⁴⁸. No tiene manchas. Está intacto, íntegro (4a,358). [1973: NON TER UN ALIFAZ. Non ter un soio defeuto].
107. **parir a porca cadelos**⁴⁹. Salir las cosas mal (15,241). [1973: PARIR A
- PORCA CADELOS. Non saír as cousas como se pensa].
108. **pintar ben unha cousa**. Ser favorable (5a,363).
109. **poder dar cun canto nos queixos**. Poder darse por satisfecho (5a,361). [1973: PODER DAR CUN CANTO NOS QUEIXOS. Poder darse por satisfeito].
110. **rabear pola peneira**⁵⁰. Desesperarse por no poder conseguir algo (5a,364b).
111. **remanga-la mau**⁵¹. Levantarla en ademán de pegar (5a,367). [1973: REMANGALA MAU. Erguer a mau co aceno de bater].
112. **requicha o rabo**. No deja hacer lo que uno quiere (5a,364a). [1973: REQUICHALO RABO. Desobedecer].
113. **roer cuaños**. Estar acompañando a una pareja que habla de amores (6a,369). [1973: CUAÑOS. Roer cuaños: Estar ó lado dunha parexa de nemorados, escutándolle a conversa].
114. **roer o zorrolo**. Estar acompañando a una pareja que habla de amores (6a,368). [1973: ROER O ZORROLLO. Roer cuaños].
115. **saír por viño portugués**. No salir una cosa de la calidad que se esperaba por su precio (16,262). [1973: SAÍR POR VIÑO PORTUGUÉS. Saír má unha cousa cando se pensaba que era do millor].
116. **ter a porta suchouza**⁵². Tenerla entreabierta (17,273). [1973: ESTAR A PORTA SUCHOUSA. Estar a porta entreaberta. (C. da S., Conso)].

⁴³ *Ir á tuna.*

⁴⁴ *Leval-a cesta.*

⁴⁵ *Levar boa guía.*

⁴⁶ *Morrer á míngo.*

⁴⁷ *Non tén mau de si.*

⁴⁸ *Non tén un alifaz.*

⁴⁹ *Parir a pôrca cadelos.*

⁵⁰ *Rabear pol-a peneira.*

⁵¹ *Remangal-a mau.*

⁵² *Ter a pôrta suchouza.*

117. **ter o peito estreito**. Ser incapaz de guardar un secreto (6a,378). [1973: TER O PEITO ESTREITO. Non saber gardar un secreto].
118. **tirar pola *lengua**⁵³. Hacer hablar (6a,376).
119. **tírase á tarrandana**⁵⁴. Al desdén (17,272). [1973: TIRARSE A TARRANDAINA. Non intresarse polo que un tén que facer].
120. **tomar a requêsta**⁵⁵. Exigir explicaciones (17,277).
121. **traelo coma os ovos en peneira**⁵⁶. Manejar una cosa con sumo cuidado. Tratar a una persona con todas las consideraciones (17,275). [1973: TRAELO COMA OS OVOS NA PENEIRA. Tratar ónha persoa con mutos miramentos].
122. **vir os do monte a'scorrexar os da casa**⁵⁷. Se dice cuando uno se mete en lo que no le importa (18,289). [1973: VIR OS DO MONTE A ESCURRIZAR OS DA CASA. Meterse un no que non lle importa].
123. **xa sabe onde lle manca o zapato**. Bien sabe lo que trae entre manos (18,298).
124. ***salir a Páscoa á *viernes**. Salir mal una cosa (16,256).
- (02,29c). [1973: ALÉ? Ten as variantes LE? e ELÉ? Equival a ¿E VERDAI?].
127. **Ande a *lengua i-as maus quedas**⁵⁹ (03,34b). [1973: ANDE A LENGUA IAS MAUS QUEDAS. Falar o que se queira pro non tocar].
128. **Bótalle graú!**⁶⁰. No vengas con cuentos (2a,311).
129. **Cuando tu naciche, xa eu arrabuñaba** (04,59).
130. **Deste carneiro non se rapa outra la**⁶¹ (06,83).
131. **Gracias á galla**⁶². Gracias a su ingenio (08,112).
132. **Hai días á mau**⁶³. "Hay días dichosos", si salen las cosas bien. "Hay días fatales", si salen mal (4a,349).
133. **Ó que non quer caldo, sete tazas**⁶⁴ (11,169).
134. **Pergúntalle a Mateu, que minte coma eu**⁶⁵ (15,244).
135. **Poucas son as malas fadas**. Poco falta; hablando de cosas desagradables (5a,362). [1973: POUCAS SON AS MALAS FADAS. Pouco nos queda que penar].
136. **Predícame, cura, predícame, flaire; por un oído me entra e pol'outro me *sale**⁶⁶ (14,231).

Fórmulas

125. **á fe**⁵⁸. De verdad, juramento (02,29b). [1973: A FÉ. De veras, de verdái. [Carr.da S.]].
126. **alé?, le?, elé?.**¿Verdad? Seguramente viene de "el é"

⁵³ *Tirar pol-a lengua.*

⁵⁴ *Tírase á tarrandana.*

⁵⁵ *Tomar a requêsta.*

⁵⁶ *Traélo coma os ovos en peneira.*

⁵⁷ *Vir os do monte a-scorrexar os da casa.*

⁵⁸ *Á fê.*

⁵⁹ *Ande a lêngua i-as maus quedas.*

⁶⁰ *Bótalle graú!*

⁶¹ *De este carneiro non se rapa outra lâ.*

⁶² *Gracias á galla.*

⁶³ *Hai dias á mau.*

⁶⁴ *Ó que non quer caldo, sete tazas.*

⁶⁵ *Pergúntalle a Matêu que minte coma eu.*

⁶⁶ *Predícame cura, predícame flaire; por un oído me entra e pol-outro me sale.*

137. **Quen o collera onde pare a loba**⁶⁷ (15,250). [1973: QUEN O COLLERA ONDE PARE A LOBA! Denota desexo de algunha cousa].
138. **Róncallo o nabo**. Se dice en son de elogio: Es de mal gusto (5a,366).
139. **S'eres home, ve acá; s'eres araña, tent'alá**⁶⁸. *Araña*: en el dialecto se dice arañón; esta palabra, araña, sería tomada del castellano (16,257).
140. **Tal che é Pedro coma Xan**. Tan honrado es uno como el otro (7b,382).
141. **Total, patatas sin sal**. En resumen, nada (17,278).
142. **Vaiche na misa!**⁶⁹. Exclamación de incredulidad. O también como dándose por enterado de lo que dicen como cosa ya vieja (18,290). [1973: VAICHE NA MISA. Eso xa se sabe fai tempo].
143. **Zúmballe o merequetén!** ¡Se precisa cinismo! (7b,385). [1973: ZÚMBALLE O MEREQUETÉN! Parece increíble].
144. ***Dios creza o pan no forno i-ô ben polo mundo todo**⁷⁰ (05,72).
145. ***Dios che valia**. Dios te ayude (2a,315).
147. **Orates frates; non queiras tratos con rapaces** (11,164).
148. **Tía, tía, da manga *vacía, chámolle tía pra que me día**⁷¹ (17,280).
149. **Tíu das calzas bermellas, conte as súas e deixe as alleas**⁷² (17,283).
